



WordPress desde cero

Da primeira entrada á túa tenda en liña con WooCommerce

Carlos Longarela · Jesús Amieiro

Campus Connect · Liceo La Paz · 2026

O que imos ver hoxe

01 Que é WordPress

02 Instalación e configuración

03 Temas e personalización

04 Plugins esenciais

05 Creación de contido

06 Xestión de usuarios

07 WooCommerce: a túa tenda

08 Conclusión e recursos

Que é WordPress?

43%

dos sitios web do mundo
funciona con WordPress

Fonte: W3Techs, 2025



Software libre e de código aberto

Licenza GPL · creado en 2003 por Matt Mullenweg e Mike Little



Sistema de xestión de contidos (CMS)

Crea blogs, webs corporativas, tendas, portafolios, comunidades...



Comunidade enorme

Miles de plugins, temas e recursos en galego e moitos idiomas

Dous WordPress... e non son o mesmo

WordPress.com

Servizo aloxado

- É o que tedes vós hoxe
- Fácil: rexístraste e xa tes web
- Plans gratis e de pago
- Limitacións segundo o plan

WordPress.org

Software autoaloxado

- Descargas WordPress e instálalo
- Necesita aloxamento + dominio
- Control total e plugins ilimitados
- Ti xestionas actualizacións e copias

Instalar WordPress fóra de WordPress.com

1

Aloxamento

Contrata un hosting con PHP
+ MySQL

2

Dominio

Apunta o teu dominio ao
hosting

3

Instalar

Auto-instalador ou subir
wordpress.org

4

Configurar

Asistente: idioma, título,
usuario admin



Moitos hostings ofrecen instalación de WordPress nun clic.

Axustes básicos no escritorio (Axustes ► ...)



Xerais

Título, descrición curta, idioma, zona horaria, formato de data



Escritura e lectura

Páxina de inicio (estática ou últimas entradas), entradas por páxina



Enlaces permanentes

Escolle URLs amigables (ex.: /nome-da-publicacion/) — bo para SEO



Privacidade

Páxina de política de privacidade · obrigatoria no RXPD

O aspecto da túa web



Un tema = o deseño

Cores, tipografía, estrutura
de páxinas e cabeceiras



Buscar tema

Aparencia ▶ Temas ▶ Engadir novo tema



Instalar e activar

Vista previa antes de aplicar · podes probar varios



Personalizar

Editor de sitio (temas en bloques) ou Personalizador clásico



Imaxes e logo

Logotipo do sitio, imaxe de cabeceira, favicon

Onde están as cousas no panel



Aparencia ► Temas

Lista, vista previa e activación dos temas instalados



Aparencia ► Editor

Edita estilos, cabeceira, pé e modelos (temas en bloques)



Personalizador

Cores, tipografía, menús e widgets (temas clásicos)

Plugins esenciais para empezar



SEO · Yoast SEO ou Rank Math

Optimiza títulos, meta-descricións e mapas do sitio (sitemap)



Seguridade · Wordfence ou Jetpack

Firewall, escáner de malware e protección contra ataques



Rendemento · WP Super Cache ou LiteSpeed Cache

Caché de páxinas e optimización para sitios máis rápidos



Copias de seguridade · UpdraftPlus ou Jetpack

Programación automática · gardado en Google Drive, Dropbox...

Como instalar un plugin paso a paso



 *Instala só plugins do directorio oficial ou de fontes fiables*

Entradas vs. Páxinas



Entradas (posts)

- Contido cronolóxico (blog, novas)
- Organízanse en categorías e etiquetas
- Aparecen en feeds RSS
- Permiten comentarios por defecto



Páxinas

- Contido estable (Sobre nós, Contacto, Aviso legal)
- Sen categorías nin etiquetas
- Poden ter xerarquía (páxina nai/filla)
- Ideais para o menú principal

Editor de bloques (Gutenberg)



Todo é un bloque

Parágrafo, título, imaxe, galería, columnas, vídeo, botón...



Engadir bloque

Botón '+' ou escribindo /nome-do-bloque na liña en branco



Categorías e etiquetas

Categorías = grandes seccións · Etiquetas = palabras clave



Imaxe destacada

Aparece nas listaxes, redes sociais e cabeceiras de entrada

Multimedia, menús e widgets



Multimedia

Subes ficheiros á Biblioteca de medios;
reutilízase en calquera entrada/páxina



Menús

Aparencia ► Menús (clásico) ou Editor de
sitio: páxinas, categorías, ligazóns



Widgets

Bloques nas barras laterais e pé: busca,
listaxes, calendario, redes...

Roles de usuario en WordPress



Administrador

Control total: temas, plugins, usuarios e contido



Editor

Pode publicar e xestionar entradas e páxinas de calquera



Autor

Pode publicar e xestionar só as súas entradas



Colaborador

Pode escribir entradas, pero non publicalas



Subscritor

Só lectura · pode xestionar o seu perfil



Dá o rol mínimo necesario. Non todo o mundo necesita ser administrador.

Seguridade básica



Contrasinais fortes e únicos

Xestor de contrasinais · evita 'admin' como nome de usuario



Autenticación en dous pasos (2FA)

Plugin como «Two Factor» ou «Limit Login Attempts Reloaded»



Actualizacións ao día

WordPress, temas e plugins · activa actualizacións automáticas



Copias de seguridade regulares

Mellor canto antes — non dependas só do hosting

07

WooCommerce

A túa tenda en liña dentro de WordPress

Plugin gratuito · máis de 5 millóns de tendas activas



Instalación e asistente inicial

1

Instalar plugin

Plugins ▶ Engadir novo ▶ buscar «WooCommerce» ▶ Activar

2

Asistente

Datos da tenda: enderezo, sector, divisa

3

Pagamentos

WooPayments, PayPal, transferencia, contrarrembolso...

4

Envíos

Crea zonas (península, Canarias, UE) e tarifas

5

Impostos

IVE 21% / 10% / 4% segundo o produto · activado por defecto

Produtos: tipos e atributos



Produto simple

Un único artigo cunha referencia (SKU) e prezo. O 80% das tendas.



Produto variable

Variantes de cor/talla/tamaño · cada combinación pode ter prezo e SKU propios



Produto descargable / virtual

Ebooks, música, cursos, servizos sen envío físico



Importación masiva

Produtos ► Importar ► subir CSV · ideal para cargar moitos produtos

Pedidos, clientes e informes



Pedidos

Estados: pendente, en proceso, completado, devolto. Edita, refunde e exporta a CSV.



Clientes

Lista de clientes con historial de compras. Filtra por valor de gasto, frecuencia ou rexión.



Informes

Vendas por período, produtos máis vendidos, cupóns usados, impostos recadados.

Axustes que non debes pasar por alto



Zonas de envío

WooCommerce ► Axustes ► Envío · diferentes prezos por rexión



Métodos de pago

Activa só os que vaias usar · proba o checkout completo



Impostos e cupóns

Configura tipos de IVE; crea cupóns con caducidade e límite de uso



Contas e privacidade

Compra como invitado, política de devolucíons, RXPD

O que levaches hoxe



WordPress é versátil

Desde un blog persoal ata unha tenda en liña completa



Personalizable

Temas + plugins = miles de combinacións sen tocar código



Vender é posible

WooCommerce convérteo nun comercio electrónico nunhas horas



Practicade

Tedes WordPress.com e dominio .blog · experimentade!



Grazas!

Calquera dúbida?

RECURSOS PARA SEGUIR APRENDENDO

- learn.wordpress.org
Cursos oficiais e gratuitos
- es.wordpress.org/support
Documentación e foros en español
- [Documentación de WooCommerce](#)
Documentación oficial de WooCommerce
- **Meetups WordPress Galicia**
Comunidade local · A Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago...
- [WordCamps](#)
Eventos anuais por toda España e Europa